

Costa da Morte

Lois Patiño, 2013 – HD Cor, 80 min

Unha produción Zeitun Films co apoio de AGADIC

Fotografía: Lois Patiño

Colaboración: Carla Andrade

Montaxe: Lois Patiño e Pablo Gil Retuerto

Son: Erik T. Jensen e Miguel Calvo "Maiki"

Música: Ann Deveria

Produción: Felipe Lage Coro e Martin Pawley

Dirección: Lois Patiño

Sinopse

"Nun entrar do home na paisaxe e da paisaxe no home creouse a vida eterna de Galiza"
Castelao

A Costa da Morte é unha rexión de Galicia que foi considerada o fin do mundo durante o Imperio Romano. O seu dramático nome provén dos numerosos naufraxios que sucederon ao longo da historia nesta área feita de rochas, brétemas e temporais.

Atravesamos esta terra observando as persoas que a habitan: pescadores, mariscadores, madeireiros... Somos testemuñas dos labores artesanais que manteñen ao tempo unha relación íntima e unha batalla antagónica coa vasteza deste territorio. O vento, a pedra, o mar, o lume, son personaxes neste filme, e a través deles achegámonos ao misterio da paisaxe, entendido como unha unidade xunto ao home, a historia e o mito.

Biofilmografía

Lois Patiño naceu en Vigo (Galicia, España) en 1983. As súas obras foron presentadas en centros de arte (Georges Pompidou, París; Museo Reina Sofía, Madrid; Haus der Kulturen der Welt, Berlín; CGAC, Santiago de Compostela) e en festivais internacionais coma Roma, BAFICI, Oberhausen ou Vila do Conde. *Costa da Morte* é a súa primeira longametraxe.

2012 *Montaña en sombra* (Curta) – Festival de Roma; Oberhausen. Premio do Ministerio de Renania do Norte-Westfalia

2011 *Esliva* (Curta)

2011 *Na vibración* (Curta)

2010 *Paisaje - Duración* (Curta)

2010 *Paisaje - Distancia* (Curta)

2009 *Recordando los rostros de la muerte* (Curta)